

CONSERVACIÓN, ESTUDO E DIFUSIÓN DOS CANASTROS DE VARAS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

María del Carmen Conde López, mariaceved@yahoo.es. Xullo 2022

METODOLOXÍA — OBXECTIVOS

Estudar: a tipoloxía de hórreo-cesto entretecido e teitado con materiais vexetais e concretamente os soportes existentes na parroquia de Ponte Sampaio, denominados localmente mós de canastro, realizados en pedra granítica.

Conservar: os restos destes canastros primitivos, que perduraron ata o presente, catalogándoos e recuperar o patrimonio inmaterial asociado.

Difundir: a existencia de esta tipoloxía tan primitiva no noso concello e a técnica que se empregaba para a súa factura.

Traballo de gabinete previo: estudo tipolóxico, deseño de entrevistas a veciñas e propietarias, deseño de fichas de catalogación e conservación.

Traballo de campo: visitas a referentes bibliográficos, visitas a outros referentes sen catalogar e visitas á zona do estudo (Ponte Sampaio).

Traballo de gabinete posterior: a valoración do estado de conservación da tipoloxía, procesado dos datos obtidos na área de estudo, proposta de conservación e difusión.

CONCLUSIÓN

Patrimonio moi descoñecido: unha ampla maioría da sociedade descoñece a súa existencia, incluso no ámbito local, especialmente entre a xuventude .

Patrimonio en grave risco de desaparición: o número total de exemplos decaeu nas últimas décadas a unha gran velocidade, estes soportes en concreto vense desprotexidos pola ausencia de catálogo patrimonial completo e actualizado no concello (actualmente en proceso).

Importancia de catalogar para conservar: só cando estean catalogados polo concello poderemos comezar co proceso de incoación como BIC que lles corresponde por lei.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



ESCOLA • SUPERIOR
DE • CONSERVACION
E • RESTAURACION
DE • BENS • CULTURAIS
DE • GALICIA